

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA ACTUACIÓNS DE ACCIÓN HUMANITARIA E DE EMERXENCIA

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmárcase no establecido na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. O artigo 84 da citada Lei enuncia entre as modalidades de cooperación económico-financeira a acción humanitaria e axuda de emerxencia que consiste nas actuacións de asistencia, socorro, protección, rehabilitación e reconstrución en favor das persoas e comunidades afectadas por desastres naturais, guerras ou conflitos armados, así como das poboacións en situación de vulnerabilidade extrema, cun enfoque de dereitos humanos e impulsando a protección das vítimas e a aplicación do dereito internacional humanitario.

(2) Antecedentes:

Que Cruz Vermella Española é unha institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, que desenvolve a súa actividade baixo a protección do Estado Español exercida a través do Consello de Protección. Réxese polos convenios internacionais sobre a materia nos que sexa parte España, polo Real Decreto 415/1996, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española e ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para administrar e dispoñer dos seus bens para levar a cabo os seus fins sociais. A entidade se atopa inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento co número A-16.



Que Cruz Vermella Española ten entre os seus fins a procura e fomento da paz, así como da cooperación nacional e internacional, así como a protección e socorro das persoas afectadas por accidentes, catástrofes, calamidades públicas, conflitos sociais, enfermidades, epidemias e outros riscos ou sinistros colectivos e sucesos similares, así como a prevención dos danos causados polos mesmos, participando nas actuacións que resulten necesarias para iso, na forma establecida nas leis e nos plans nacionais ou territoriais correspondentes. Así mesmo, xestiona o envío de materiais de Acción Humanitaria, dentro da normativa internacional e dos estándares especificados polo Comité Internacional e a Federación Internacional de Cruz Roja e Media Luna Roja no seu catálogo <https://itemscatalogue.redcross.int/>.

Cruz Vermella Española posúe capacidade técnica e loxística, así como os permisos e autorizacións necesarias para introducir nos operativos de emerxencias do Movemento Internacional da Cruz Vermella e Media Lúa Vermella material de primeira necesidade na resposta ás distintas emerxencias que se produzan fose do territorio español, baixo a súa responsabilidade no cumprimento da normativa internacional e os estándares de seguridade. Por outra banda, a entidade ten presenza en varios países susceptibles de recibir axuda humanitaria e de emerxencia (en base a criterios internacionais de clasificación), así como unha rede de contrapartes en terreo e a nivel internacional que permite garantir a adecuada recepción e execución da axuda.

(3) **Finalidade** Co fin de colaborar con Cruz Roja Española para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural o humano, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da data consignada na sinatura do último representante das partes en firmar este documento y manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

(4) O convenio ten por **obxecto** atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humano, con especial



énfase nos colectivos máis vulnerables, mediante a provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia (auga, abrigo, medicamentos, atención sanitaria e/u outro material de primeira necesidade), e paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfase en países e poboacións de menor Índice de Desenvolvemento Humano (IDH).

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención das emerxencias, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a necesidade da súa urxente posta en marcha, así como a natureza específica da entidade destinataria, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e maila natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 50.000 € (cincuenta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela



O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Jesús Gamallo Aller

